

## **NOTA DE PRENSA**

# **Os arquitectos composteláns asisten a unha conferencia sobre exemplos bioclimáticos a escala do edificio e a nivel urbano**

**Carlos Expósito: “En la arquitectura bioclimática los edificios pueden considerarse como máquinas térmicas que interactúan con el medio intercambiando energía”**

**Falará sobre varios traballos, entre os que destaca a edificación sostible no Ensanche Sur de Alcorcón, a maior actuación de vivenda protexida de España de iniciativa pública**

*Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).*- As **XIII Xornadas de Arquitectura Bioclimática**, organizadas pola **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)**, continúan hoxe coa presentación dunha serie de proxectos realizados polo estudio madrileño *ALIA, Arquitectura, Energía y Medio Ambiente*, representado por un dos seus socios, **Carlos Expósito**. Este arquitecto expoñerá os procesos de construción dunha serie de proxectos bioclimáticos que realizaron nos últimos anos por diversos puntos da xeografía española. *Edificación sostible: da escala do edificio á escala urbana* é o título xeral da súa intervención, que se celebrará hoxe venres de 19 a 21:30 horas e mañá sábado de 10 a 14:00 horas na sede colexial da Quintana.

Segundo a súa liña estratéxica, Expósito explica que a arquitectura bioclimática está proxectada para concebir os edificios como máquinas térmicas que interactúan co medio intercambiando enerxía ( captan, producen, acumulan e/ ou perden enerxía ). Desde o punto de vista da escala do edificio, o estudio madrileño persegue que as vivendas se acheguen por si mesmas ás condicións de confort.

Expósito apunta os principios enerxéticos que abandeira o seu estudio; en inverno preténdense minimizar perdas de calor mediante illamento e infiltración controlada nas vivendas, maximizar as ganancias pasivas de calor coa radiación solar e acumular a calor internamente e lograr unha moderada estabilidade térmica. “En cambio, en verano queremos minimizar las ganancias de calor con protección solar y ventilación diurna, y a su vez, maximizar las pérdidas de calor con ventilación nocturna, además de acumular enfriamiento interno de la vivienda para retrasar la subida de temperaturas” –puntualiza Expósito.

Pero segundo a concepción de Alia na escala urbana, é preciso unha transformación dos sistemas de mobilidade, rehabilitación e mellora enerxética do conxunto edificado e actuacións diversas sobre a rede de espazos públicos, ademais de mellorar a rede hidrolóxica.

Entre as obras que empregará Expósito para explicar a edificación sostible figura o Ensanche Sur de Alcorcón (Madrid). Esta zona tiña unha capacidade total de 7.000 vivendas protexidas nunha extensión de 199,48 hectáreas. Foi a maior actuación de vivenda protexida de España de iniciativa pública, promovida integramente polo consistorio de Alcorcón.

Á hora de iniciar este proxecto abordouse unha estratexia para a mellora da calidade e a incorporación de criterios de sostibilidade na edificación, facendo especial énfase na eficiencia enerxética, a través dunha asesoría técnica que define e supervisa as condicións bioclimáticas e a súa integración con sistemas enerxéticos de alta eficiencia en todos os proxectos.

## **ALIA**

Carlos Expósito codirixe desde 2001, xunto con Emilio Miguel Mitre, a empresa ALIA, Arquitectura, Energía y Medio Ambiente, centrada na edificación de alta eficiencia enerxética e baixo impacto ambiental, contando actualmente cunha ampla experiencia en proxectos residenciais e terciarios, así como traballos de asesoría a promotores públicos e privados.

Entre os seus traballos figuran o *edificio bioclimático de oficinas Trasluz*, seleccionado polo Green Building Challenge de España como representante na Conferencia Internacional “Sustainable Building” 2005, en Tokio. Obtiveron, o segundo premio de Edificación Sostenible da Junta de Castilla-León polo edificio para o *CEDER, en Cubo da Solana en Soria*, dentro do Proxecto de I+D Arfrisol. Consequiron o primeiro premio no concurso *ECOBARRIOS 2006*, do Consejo Superior de Colegios de Arquitectos e o recoñecemento á estratexia municipal en eficiencia enerxética, polo *Ensanche Sur de Alcorcón*.

*N.B.- Inclúe fotografía de Carlos Expósito*

**SAÚDOS**

**Prensa COAG-Santiago**

**981 55 44 07**

[www.arquitectosdesantiago.es](http://www.arquitectosdesantiago.es)

[www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)